

Editorial

os idiomas e os negocios

Estamos asistindo a unha **nova cruzada en contra do idioma galego**, esta vez provocada por un decreto que foi aprobado o 28 de xuño polo Consello da Xunta e que lle dá ao galego o 50% de dereito para compartir co castelán o ensino en Galiza. Isto xa fora aprobado o pasado mes de febreiro co consenso das tres forzas políticas no Parlamento para darlle cumprimento ao Plan xeral de normalización da lingua galega que impulsara o Goberno Fraga, pero desta vez, coa intención de facelo realidade.

Non tardou nada o PP de "Galiza" en descolgarse do pacto, desvinculándose (de novo, como na reforma do Estatuto) de todo o que represente avanzar no noso país.

Volveron saír á palestra novas versións, vitimistas e alarmistas, de que **o galego ía engulir o castelán e que sería unha "aberración imponente" o 50% do idioma de Galiza** a un idioma que sempre foi el o que se impuxo aos demais. Que atrevemento! A outra versión que se deu é a xa tradicional, a de sempre, a que se compadece dos que falamos galego porque **é "unha lingua que non vale para os negocios nin para ir traballar a Madrid"**... A ver cando cambian as tornas e son os de Madrid quen aprenden galego para viren traballar a Galiza.

- Vense discriminados estes castelán-falantes por que a lingua galega teña os dereitos que necesitamos os que estamos orgullosos da nosa fala, e non lles preocupan para nada os agravios que sufriu historicamente e aínda sofre hoxe a nosa lingua por parte do castelán. Os galegos que emigramos a Suíza, fixémoslo mirando as posibilidades económicas que nos ofrecía ese país, os que foron a Alemaña ou Inglaterra fixeron o mesmo e a lingua de Castela non nos axudou en nada. Tampouco aos españois que alí traballaban lles valía máis a súa lingua que a nosa, e mesmo lles fixemos de intérpretes moitas veces aos que viñan atrás de nós. Os grandes negocios, eses si, fixéronos coas nosas divisas outros e fóra de Galiza, e ían escritos en castelán aínda que levasen acento e suor galego.

- O negocio de pasar por Madrid por ver se hai algún traballíño para nós, xa sabemos o que dá de si: deixar os nosos labores sen facer na casa mentres Franco lles ía quitando os montes aos veciños para plantar eucaliptos; que se negociara a cota do leite coa UE para restrinxir as posibilidades que ten Galiza para producir (agora falta leite no Estado) e afogar de paso o xurdimento dun grupo lácteo galego; priorizar os paseos marítimos sobre as depuradoras de augas residuais que estragan a vida dos ríos e a pesca das rías; o abandono da industria naval que comezara Felipe González en Ferrol e que continuaron os gobernos actuais sen deixarnos construír barcos civís e facendo da antiga Astano case un cemiterio, cunha demanda mundial en auxe e unha industria naval nesa comarca que é punteira en Europa pero que só da mostras de vitalidade na zona de Vigo... **Estes son só algúns dos negocios (ou espolios legais) monolingües, feitos só en castelán, e así nos vai!**

Unha nova versión contra o galego é a de que **os rapaces/as galegos/as poden collerlle odio á materia de galego** si non conseguen aprobala (e... se suspenden o castelán, non lle collerán odio á lingua de Castela?), e aquí xa cabería pensar se é que nos toman por parvos.





Esta versión sería unha máis, e non tan grave, se non viñera do Valedor do Pobo, "galego" que cobra os honorarios aquí pero xa fai traballos para fóra e vén só de empezar. Galiza non e só paisaxe e riqueza natural tantas veces estragada, tamén é patrimonio histórico, cultural e lingua propia. Os defensores do noso pobo deben entendelo.

Novas encrucilladas e vellos retos seguen presentándolle a Galiza a realidade de carecer de liberdade e poder de decisión propios para resolver os seus problemas, e sen por iso causarlle mal a ninguén. Entendémolo os emigrantes galegos na Confederación Helvética, cando este país pouco máis grande ca o noso, cohesiona 23 cantóns con todas as liberdades para defender os seus intereses e peculiaridades con mutuo respecto entre si. A transparencia que aínda non brilla na banca suíza si que é moi clara entre os cantóns que compoñen o país helvético, todo o contrario do Estado español, onde os galegos cotizamos moito máis do que recibimos pero o opaco sistema orzamentario vixente lanza a propaganda do contrario, que somos pobres e que estamos subvencionados. A mensaxe é tan antiga como rancia e mentireira.

-O negocio de galegos/as está en non deixar fuxir as nosas riquezas en mans alleas a cambio de nada, e iso xa non é un negocio, é un deber de galegos/as. Falar idiomas está moi ben pero sen denigrar o propio, porque sería trocar espellos por ouro e xa sabemos en que rematan este tipo de aventuras. O



noso idioma tivo o seu esplendor na lírica medieval e un rei de Castela que se chamou Afonso X, o Sabio, escolleu a nosa lingua para escribir as súas sonadas cantigas. Despois viñeron outros reis que se deron en chamar Católicos e, estes, antes de aparelar os barcos de Colón para ir a América, xa pasaran por Galiza facendo a mesma política no noso país. Hoxe, o *Diccionario da Real Academia Española*, (RAE) non só pasa de largo polo rico pasado cultural que tivo a nosa lingua, tratándoa peor que á catalá ou á vasca, que ademais, verte nas súas acepcións ditos de Costa Rica e El Salvador para quen parece ser que a palabra galego quer dicir "tonto, falto de entendemento ou razón e tartamudo" respectivamente, ¡escandaloso!

A reforma do Estatuto de autonomía galego quedou aparcado por moito que Manuel Fraga, en discursos de fin de ano, falara de Castelao como exemplo a seguir (unha de cal e outra de area), outros lévanlle flores de cando en vez, que tampouco está mal lembrarse de quen deu a súa vida ao servizo de Galiza inducíndolle vitalidade e dignidade, (Estatuto Galego de 1.936 e logo na defensa do Goberno galego no exilio). Pero de nada vale todo isto se a Castelao só se ten como unha reliquia do pasado, sen intereses polo seu ideario e as súas reivindicacións aínda hoxe vixentes, obedecendo só a todo o que diga o Goberno que toque en Madrid. O fracaso da reforma do Estatuto de autonomía é un exemplo máis da mentalidade dos Reis Católicos nos políticos estatais que operan en Galiza e que se dedican a coartar os dereitos do noso pobo.





A emigración é o resultado máis evidente de anormalidade coa que Galiza tivo que afrontar os últimos séculos da súa historia e onde aínda estamos inmersos pese aos evidentes sinais de vitalidade da xente galega e dos recursos da nosa terra para saír dos postos máis atrasados do noso contorno (Estado español e Unión Europea) e non ter que emigrar. Aínda así, a sangría da xente moza que sae traballar fóra continúa. Os cidadáns galegos/as, deben beneficiarse dos recursos que unha diferenciada e rica terra como a nosa lles ofrece sen ter que emigrar. Non debemos permitir que Madrid siga dirixíndonos como menores de idade e só mirando polos seus intereses. **As negociacións na Unión Europea** son boa mostra do que non debemos deixar facer no noso nome os galegos/as.

As consecuencias da emigración galega teñen o seu reflexo, hoxe moi negativo, no seu relevo xeracional. As valoracións dos seus efectos non están feitas con suficiente rigor e, polo tanto, son descoñecidas as consecuencias en toda a súa magnitude. Estamos a pagar as políticas de fuga de man de obra por non crear postos de traballo aquí en Galiza. Os transvases de man de obra que



nun país normalizado se poderían facer dun sector produtivo a outro, cuns plans previos, na Galiza foron traumáticos: a emigración.

Lugo e Ourense, son as dúas provincias que máis poboación perderon do Estado, pero xa hai anos que de toda a zona costeira está a saír xente traballar fóra. Aos galegos/as non lles chegan 2.500 euros para ter fillos e, van telos a outras partes.

A maioría dos emigrantes galegos do franquismo non soubemos analizar en profundidade o fenómeno no que nos atopábamos, porque nos educaron só para valorar en positivo ese sistema ditatorial do que hoxe aínda, algúns partidos políticos defenden as súas "esencias". Cómpre que a diáspora e os retornados fagamos causa común nese obxectivo de conseguir unha Galiza que non necesite seguir emigrando. **O aprazamento da reforma da LOREX, co mantemento do "culebrón" do voto en urna, non ten máis sentido que o dos réditos electorais que manteñen unha situación de déficit democrático en contra da dignidade dos emigrantes en xeral.**

As persoas, como os pobos que non aceptan ser tutelados, teñen dereito á liberdade para defender os seus dereitos e intereses, sen teren que ir de rogativa xunto do cacique ou peor aínda, a Santiago Apóstolo, pedirlle ou delegar nel o traballo (hoxe anticonstitucional) que deben facer os políticos nos que o pobo depositou a súa confianza. Os hábitos tamén se cambian, e Galiza non necesita pedichóns, cómprenlle políticos que saiban exixir os seus dereitos e traballen a prol do noso, sen subordinación nin intermediarios divinos, só coa alma e os pés na terra, na nosa... podemos conseguilo!



Eleccións municipais 2007



pequeno *diario de viaxe*

(16-21/5/07)

(Semana das Letras Galegas en Suíza)

Esperanza Mariño



Centro Galego "A Nosa Terra"-ZUG

Paseniño, paseniño e, non obstante, xa transcorreu máis dun mes desde a miña estadia pola bonita –e coidada- terra de Helvetia: que permaneza agora un entrañable testemuño para o recordo na *Diáspora*!

Nun principio, o feito mesmo de poderme achegar como representante galega supuxo toda unha honra para min. Aquel cálido mércores deza-seis abandonara Santiago de Compostela e logo Madrid para chegar ao aeroporto dun Zürich chuvioso e gris, onde Manuel Vázquez me esperaba pacientemente cun exemplar d'A Nosa Terra baixo o brazo, mediante o que puidese identificalo con facilidade. Xa en Zug agardábanos Pedro Hombre, tan sociable e falador. Tras a agradable cea dos tres xuntos, cheguei á "miña casa" de Baar (o hotel Ibbby), desde onde podía escoitar as badaladas da igrexa de San Martiño a daren as horas, medias e cuartos con auténtica precisión suíza.

O día dezasete –día oficial das Letras en Galiza-, e aproximadamente á hora en que a Real Academia Galega rendía homenaxe a María Mariño nas altas terras do Courel, ía eu rematando a miña conferencia e respondendo as preguntas do escaso pero participativo público do Centro Galego en Zug, entre o que lembro en especial a Cristina Pena e os seus meniños, cos que xoguei; había tamén outros afables compañeiros dos que, lamentablemente, non lembro o nome.

Pola tarde houbo unha segunda conferencia no local da Promoción da Cultura Galega en

Zürich, perante unha significativa concorrencia –arredor dunhas trinta persoas-. Ao final, a xente nova bailou e tocou a gaita para todos, e non podo esquecer a rapaza da familia Maroño, que tivo o bo gusto de recitar o poema de María "Linme hoxe toda por dentro", pertencente ao seu derradeiro libro *Verba que comenza*. Alí houbo unha merenda certamente fraternal, durante a que toda a xente se falaba e compartía vivencias. Cando chega o Día das Letras en Galiza, eu "lánzome" ao quiosco para mercar os xornais do día: algúns deles xuntan un libriño sobre a persoa homenaxeada. Para min trátase dun día esperado pero diferente, tanto, que se trata dun festivo onde só quioscos e librarías permanecen abertos. Aínda que lonxe do lar, agarimoso, fora tamén orixinal, aquel dezasete.

O venres á mañanciña, baixo un reconfortante sol e paseando sen obrigas, descubro soa en Baar a igrexa repenicadora e o parque-cemiterio próximo, pois a natureza está omnipresente até nas lápidas, con plantas e flores naturais que medran silandeiramente no seu seo. Admirable esta comunión coa natureza do pobo suízo!

Xa en Lucerna, Pedro e Manuel lévanme á emblemática ponte sobre o río, símbolo da nación; a igrexa dos xesuítas, a praza do Peixe... Xantamos na estación un prato típico composto por patacas fritas coroadas por tremenda salchicha, pero abondo menos saborosa que calquera dos manxares tradicionais galegos.

De volta a Zug, paseo á beira do lago e zona monumental, onde casualmente se celebra unha voda con noivos e convidados españois. Manuel Vázquez descóbreme caras insólitas da emigración pasada (a explotación abusiva, a discriminación legal e social, a xuventude solitaria dos traballadores sen mulleres ao seu carón, etc.). A cea dos tres xunto coa familia de Cristina nunha pizzería propiedade dun arxentino, con outros latinos próximos, convértese en agradable e harmónica.

O sábado dezanove teño que abandonar o meu fogar temporal de Baar camiño de Zürich e do hotel Alexander, en pleno e belísimo centro antigo pero un tanto ruidoso por se tratar da zona da "movida", ategado con terrazas, barullo, alcohol e moito adolescente-mozo disposto a queimar a noite. O atractivo e vital Zürich ofrece o encan-



to da igrexa das Mulleres, con vidreiras do pintor Chagall –un dos meus favoritos- e Giacometti, a ponte, a catedral... O xantar na Bodega Española faise unha delicia. Xa na tarde, no pequeno rastro ofrécense bonecas de porcelana e interesantes óleos e obxectos antigos.

O tren de camiño a Baden permítenos acudir ao Centro Galego de Wattenbag, onde unha nutrida parte dos socios veñen sendo portugueses. De entre os galegos hai moitos de Lugo, e lembro conmovida o señor do Corgo ansioso por volver á casa natal despois da pronta xubilación, por máis que os fillos decidan quedar.

O domingo vinte tomamos o tren con destino ao Centro Galicia de Olten, onde os anuncios de comidas e beberaxe escritos nas lousas e a televisión “falan” en galego e español todo o día. O público permanece moi atento durante a conferencia, para ao final formular diversas preguntas. Porque o mundo é moi pequeno, alí vou coñecer a Manuel Viqueira, tío de tres excelentes ex-alumnos meus nun antigo instituto, polo de agora, no que máis tempo permanecín. (E sei do seu porvir unha década despois). **A comida dominical na compañía da cálida familia Vallebona, permíteme coñecer no libro do Centro a dedicatoria e autógrafa do extraordinario poeta Uxío Novoneyra (1930-1999),** ambos á maneira de caligrama, xeito este tan de seu. Cómpre despedirse do cordial Pedro, que volta á casa de Zug. A Manuel e a min o que eu bauticei como “gaiteiro de Olten” agasállanos cunha inesquecible visita pola beira do río, ponte e zona monumental, salpicada polas antigas tabernas, tendas dos anticuarios, igrexas e parques, con xeitosas montañas ao lonxe.

No serán, o tren con destino a Xenebra atravesará Neuchâtel, Morges, Solothurn, Biel/Bienne, Iverdon-les Bains e Nyon, entre outros. Atrás queda a zona xermanófono. Á porta da Irmandade Galega de Xenebra espéranos O Chispas, transmitindo alegría, tocando nun tambor. A conferencia sobre María Mariño sufriu dura competencia coa retransmisión simultánea do partido de fútbol entre o Atlético de Madrid e o Huelva, aínda así foi seguida por persoas que ao final se achegaron a presentarse e falar (persoas de Boiro, Brión e Teo, por exemplo, lugares tan coñecidos para min por motivos profesionais). A anécdota da noite pona un velliño que me pregunta humildemente como facer para volver á casa!



María Mariño

Durante a franca e dialogante cea Baldomero, Mari Carmen e José López, todos me falan das vivencias e da sorte corrida na cidade. Manuel Vázquez despídese para regresar a Zurich.

O luns vinte e un achégome soa –xa todos traballan- até a catedral, onde escoito as intensas badaladas do mediodía, que fan tremer o piso de madeira. José López achégome ao aeroporto, en tránsito cara á casa. Cando o avión suca as primeiras nubes, aínda podo percibir ao lonxe a frescura do “jet d’eau” sobre o lago.

Á parte da considerable beleza natural e arquitectónica, da Suíza galega trouxen moitas conversas, amizades, enderezos, recordos varios que me proporcionaron, como escribiu Castelao, **“moita fartura no corazón”**. Agora só me queda responder, por suposto, á galega.

-E cando volvo?

Patria e fraternidade, compañeiros! (ademais de moitiña saúde)

Esperanza Mariño Davila

Santiago de Compostela –aquí onde converxen os camiños todos de Europa-, xuño de 2007.



inicios dun retornado



Emigrei a Lausana (Suíza) no ano 1978, con 18 anos. Cheguei a ese país con ilusión e moitas ganas de iniciar outra etapa na miña vida. A integración nesa cidade foime fácil, pois **miña nai xa chegara 10 anos antes**, que engadida ao meu interese en coñecer mundo, outros idiomas, outras culturas, fixeron a miña estancia máis doada.

Levei unha vida agradábel dentro da miña condición de emigrante pero no ano 2000, decidimos miña nai e mais eu volvermos a Galiza. Unha das miñas preocupacións era **se a mamá tiña dereito á cartilla do seguro de sanidade ao chegar á nosa terra**, polo que fun á Oficina Laboral en Lausana e tamén ao Consulado Español en Xenebra para saber dos requisitos que tiña que cumprir no meu retorno definitivo.

Dixéronme que, posto que miña nai daquela xa tiña 60 anos, tiña que pagar ela o seguro, segundo eles a lei así o esixía para os maiores de 52 anos. Ao chegar a Compostela (onde resido) fun á sede central da Tesouraría da Seguridade Social para informarme sobre o seguro de miña nai e dixéronme que tiña que ir a outra oficina (unha sucursal), pois non levaban alí o tema. Ao chegar ao outro destino dinme que é a inversa, e así catro veces dun lado para outro ata **que me sentei na oficina e non me movín mentres non me deron a información que eu precisaba**.

Total, visto que miña nai cotizara só un mes no Estado español e tiña máis de 52 anos, tiña que pagar ela mesma o seguro ou senón pagar o 40% da medicación e no caso de ser hospitalizada pagaría tamén o 10% de hospital máis o quirófano. Os familiares e amigos dicíanme que podía poñer a miña nai na miña tarxeta, pero segundo a nova lei non era así. Ante a posibilidade de que miña nai tivera que ser hospitalizada e pagar o 10% decidín pagar o seguro.

En decembro de 2006, nunha reunión de Marusía comentaban este tema con outro matrimonio que tiña o mesmo problema, cando eu xa o esquecera porque daba por feito que na Tesouraría da S.S. me informaran correctamente. Vendo que algo non estaba claro volví á oficina da Tesouraría e explíquelles o que me acontecera no ano 2000, onde me dixeron que a lei era esa neses intres



Cabinas de control sanitario na fronteira Suíza. 1985

(incorrecto, xa que me consta que na mesma situación que miña nai había outras persoas retornadas que non tiveron que pagar o seguro).

Xuntei de novo a documentación que me pediron para pasar a miña nai á miña tarxeta sanitaria e uns días despois, presenteime de novo na oficina e aténdeme outro funcionario. Ao presentarlle a tarxeta de miña nai o funcionario dime de novo que non ten dereito a estar na miña tarxeta por unha cuestión de convenios, ou sexa, que nunha semana xa cambiara de novo a lei. Preguntei pola directora, pois fora ela quen me recibira e informara a semana anterior, entón todo se solucionou rapidamente, iso si, **6 anos e 8 meses máis tarde, sen recibirmos ningunha desculpa nin devolución do diñeiro que miña nai pagou sen ter por que**.

Desde aquí manifesto as miñas queixas e enfado, porque non somos marionetas, os cartos non nos sobran e merecemos unha mellor información da S.S.

Beatriz Noya



recuperar o protagonismo da emigración



Acto da Irmandade Galega en Bos Aires

G Galicia e emigración, dúas palabras que estiveron sempre unidas e que forman parte da nosa identidade. Como se se tratase dun símbolo —cómpre dicir que os símbolos se petrifican co paso do tempo e quedan apegados ao pensamento da colectividade—, a emigración galega é un símbolo máis para o pobo e tivo a mesma sorte que outros símbolos, é dicir, unha vez que estes foron asumidos como propios, están aí presentes, de igual xeito que unha bandeira ou un escudo. Pero a emigración galega é aínda hoxe, por desgraza, moito máis que un símbolo fosilizado de tempos remotos, segue sendo unha realidade viva protagonizada por milleiros de galegos que seguen espallados por todo o mundo ou que lograron retornar a Galicia na recta final das súas vidas.

Non é esta unha realidade agradable para afrontala con todas as súas consecuencias. Durante

anos, por non dicir séculos, o emigrante foi ignorado e só nos últimos anos parece ser o destinatario dunha reflexión profunda respecto do que representa a súa figura para a realidade galega. **Pero esta reflexión non naceu tanto do feito en si da nosa emigración como das vagas migratorias que están chegando a diferentes comunidades do Estado español e tamén a Galicia.** Tivo que ser un feito novo e alleo o que servise para facer espertar as consciencias. Hoxe os inmigrantes teñen un protagonismo na vida pública española que non tivemos nunca os emigrantes galegos. Cómpre dicir que a democracia española vela socialmente polos inmigrantes nas súas necesidades básicas: a sanidade, a educación e mesmo a vivenda. Todo isto está moi ben e podemos dicir que é de xustiza ser solidarios con eles, mais, **por desgraza, ningunha destas prestacións sociais alcanzou aos emigrantes galegos doutras épocas.** Uns emigrantes, por certo, que tiveron que deixar a súa terra e instalarse en países estraños. Nestes países de acollida non recibiron, por desgraza, a



asistencia social que pode reclamarse hoxe no Estado español polo simple feito de ser residente, cidadán ou traballador noutro país.

Os emigrantes galegos, a maioría deles sen preparación académica, foron capaces de impulsar a creación de asociacións para a súa propia seguridade e, deste xeito, naceron **o Centro Galego da Habana, o Centro Galego de Bos Aires ou a Casa Galicia de Montevideo,** entre outros, co obxectivo de ofrecer asistencia sanitaria, educación para os fillos e lazos de convivencia. Pero, certamente, non remataron aí as súas diferentes iniciativas posto que lograron tamén **financiar con moitos esforzos a creación de escolas nunha terra galega que, na maioría dos casos, non volverían pisar na súa vida.** Amais disto, non debemos esquecer a gran cantida-

de de cartos enviados ás súas familias que estaban en Galicia e **os ingresos que facían nos bancos, os cales, por desgraza, nunca trataron de investilos na nosa terra.** Este grande esforzo que levou a cabo a emigración galega fíxose ademais cunha carencia total de medios e nunhas condicións verdadeiramente infrahumanas, é dicir, **dun xeito similar ás pateras actuais:** o emigrante galego abandonaba a súa terra na que non podía subsistir e embarcaba nun buque, que moitas veces se atopaba nun estado miserable, para atravesar o charco. Adoito, para pagar o importe do billete da viaxe, xa se endebedara. Cómpre dicir que os primeiros cartos que gañaran os nosos emigrantes naquel novo mundo tiñan que destinalos a **saldar a débeda que contraeran coa compañía navieira.** Era frecuente tamén que empezase literalmente de cero, porque non coñecía a ninguén no país de acollida, e que non tivese ademais un oficio que lle garantise un traballo de presti-



Acto galeguista



Picnic no centro ourensán. (Arxentina)

xio neste país. Facía pola vida como podía, unhas veces de afiador, outras de criado nunha cidade ou nunha facenda rural, outras como estibador no porto, outras na escala máis baixa da hostalería, ou como mariñeiros ou simplemente facendo carbón nunha montaña cubana ou arxentina. Deste xeito conseguía ir sobrevivindo sen esquecer o contacto coa familia que deixara lonxe, un contacto que só podía ser epistolar: as cartas podían tardar meses en chegar ao seu destino. As condicións de traballo e de vida eran, polo tanto, infrahumanas vistas desde o confort da nosa modernidade. O emigrante tamén levaba a cabo unha operación de disimulo: **trataba de ocultarlle á súa familia os sufrimentos que estaba padecendo. Polo xeral, adornaba a realidade nun intento de tranquilizar os familiares** que seguían na aldea pero, de certo, vivían unha realidade tan difícil como a que deixaran en Galicia. **Estaban acostumados aos traballos máis duros e iso facilitáballes asumir nos países de acollida este tipo de traballos.** En realidade, esta primeira etapa da emigración americana era a versión urbana da Galicia rural. Só co paso do tempo, cando estes

galegos conseguían saír do pozo ou cando alcanzaban a xubilación, eran capaces de falar abertamente de todo o que **padeceran nos seus primeiros anos americanos, que en moitos casos tiñan tinturas de verdadeira escravitude.**

Hoxe Galicia comeza a ser un país de acollida e recibe latinoamericanos ou africanos que veñen de países onde a simple subsistencia resulta imposible. Pasárono mal como lles sucedeu aos nosos paisanos; uns inmigrantes veñen sen papeis, pero outros moitos destes inmigrantes foron reclamados polos seus familiares e chegan cos papeis en regra. Pois ben, esta xente recibe certas atencións básicas, como a sanidade ou a educación, do Estado español: eles non teñen a necesidade de crear por si mesmos as institucións asistenciais que tiveron que crear os nosos emigrantes en América. Por outra banda, se queren comunicarse cos seus familiares, teñen unha cabina de teléfonos en calquera esquina —aínda que hoxe en día case todo o mundo dispón dun teléfono móbil—. A miúdo, os primeiros aforros destes inmigrantes van destinados a pagar a letra dun automóbil de terceira ou cuarta man. Vemos, xa que logo, unha clara diferenza entre a emigración galega do século pasado e a que existe hoxe en día, sendo o territorio espa-



ñol a terra de acollida. Os primeiros aforros dos nosos emigrantes servían para pagar a débeda da viaxe, para mandarles cartos aos seus familiares directos que quedaran na aldea: pais, irmáns, etc., para mercar terras ou para financiar a viaxe dalgún familiar a América. Advírtense, polo tanto, diferenzas fundamentais nos obxectivos e tamén nas circunstancias da vida diaria. **O inmigrante dos nosos días é unha persoa que pode viaxar con rapidez e comunicarse de maneira regular cos seus seres queridos. Isto, psicoloxicamente, sérvelle para soportar unhas condicións de vida realmente duras no traballo. Pero, desgraciadamente, os nosos paisanos tiveron que sumarlle a esta dureza cotiá o calvario da soidade.**

Certamente, todo o escrito ata aquí é froito dunha imaxe real e concreta. O único que podemos **facer dende o punto de vista do emigrante é reivindicar para os nosos cidadáns que están noutros países a mesma sensibilidade social que o Estado español está a ter cos inmigrantes que hoxe viven entre nós.** Esta reivindicación, por certo, **resulta oportuna nestes tempos nos que tanto se fala da necesidade de recuperar a memoria histórica. Esta non debe pasar só pola Guerra Civil ou as cuestións políticas; ten que tratar tamén o tema da recuperación deste feito social que foi unha grande eiva para o noso país e un sacrificio sobrehumano para os seus protagonistas.**

Arriba díxose que non debemos esquecer as iniciativas que levaron a cabo os nosos emigrantes. Eles non se limitaron só a crear unhas institucións lonxe da terra ou a manifestar as súas inquietudes culturais creando, por exemplo, a Real Academia Galega, moitas publicacións artísticas ou literarias ou os propios centros galegos, xa citados. As iniciativas que levaron a cabo foron máis alá creando escolas nas súas aldeas —hoxe en día estas escolas e aldeas están nun estado ruinoso—. Sería de xustiza que se lles fixese un recoñecemento público en Galicia a estes homes e mulleres que posibilitaron coa creación destes centros de ensino que moitos rapaces e rapazas puideron ter uns estudos básicos na súa terra. Todo isto non debería caer no pozo do esquecemento, senón que debería formar parte da nosa memoria histórica. **Esta memoria non pode limitarse só á emigración galega a América, senón que debe estenderse a Europa e a outras partes do mundo, onde os emigrantes tiñan a esperanza de atopar un novo Eldorado que lles permitise regresar**



Xenebra, anos 80

a medio ou curto prazo para vivir con dignidade en Galicia. Por desgraza, os seus soños non se cumpriron na maioría dos casos. **O que tiña que ser unha emigración de poucos anos converteuse nunha emigración para toda a vida,** nun país estranxeiro, tendo que falar unha lingua allea e sen ningunha esperanza dun regreso seguro. Algúns só teñen no seu maxín un único desexo: poder ser enterrados no cemiterio da súa aldea a carón dos pais. Certamente, o mundo da emigración debe terse en conta nos actos da recuperación da memoria porque, se non o facemos así, estaremos falseando o pasado e, tamén, o presente. **Cómpre que non esquezamos que son moitas as falsidades e as ignorancias que se proxectaron sobre o noso país, no que, por desgraza, a emigración foi un piar fundamental.**

Olegario Sotelo Blanco



A ficción dun país subsidiario

Aleixo Vilas Castro



Antes de entrarmos en materia, faise necesario comezar cunha breve explicación sobre os principais conceptos e funcionamento do sistema de financiamento autonómico, para deste xeito poder desenvolver as cuestións posteriores con maior claridade. Cómpre dicir que **o Estado das autonomías é relativamente descentralizado desde o punto de vista do gasto, mais non o é así desde o punto de vista do ingreso**, como veremos a continuación.

O sistema de financiamento autonómico, no seu réxime xeral, decídese de xeito multilateral no Consello de Política Fiscal e Financeira, creado en 1980 pola Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas (LOFCA).

No sistema de financiamento comézase por calcular as necesidades de financiamento das CCAA, e faise mediante a dotación de diferentes fondos en cada bloque competencial que se distribúen entre as comunidades autónomas atendendo a diferentes variábeis e á súa ponderación. Así, cando estamos a falar do financiamento autonómico, estamos a falar do **financiamento de tres bloques competenciais**:

As competencias comúns (entre elas a máis importante é a de educación).

Para financiar estas competencias, existen varios fondos, do cal o máis importante é o chamado **fondo xeral**, e a contía deste fondo distribúese atendendo ás seguintes variábeis e ponderacións:

Dótase ademais un fondo específico para paliar a escasa densidade de poboación, unha garantía de mínimos, e un fondo de renda relativa.

| | |
|--------------|------|
| Poboación | 94% |
| Superficie | 4,2% |
| Dispersión | 1,2% |
| Insularidade | 0,6% |

Outro bloque onde están **as competencias sanitarias** (INSALUD)

Neste bloque competencial existe tamén un **fondo xeral**, que é de onde provén o groso do financiamento. Para o reparto entre as comunidades da súa contía, úsanse as seguintes variábeis e ponderacións:

A poboación protexida, isto é, a que está dada de alta na Seguridade Social, que pondera un 75%.

A poboación maior de 65 anos, que pondera nun 24,5%

O 0,5% restante corresponde á variábel da insularidade

As competencias en servizos sociais (IMSERSO)

O financiamento da xestión dos servizos sociais da Seguridade Social asígnase en función da poboación maior de sesenta e cinco anos de cada comunidade autónoma.

O sistema de financiamento actual dispón de **dous mecanismos para que as comunidades autónomas financien as súas necesidades de gasto**:

Dunha banda, as comunidades autónomas dispoñen dos recursos obtidos dunha **cesta de tributos**, dos cales **teñen cedida unha porcentaxe da recadación**. Os máis relevantes son a cesión do 33% do IRPF, o 35% do IVE e o 40% dos impostos especiais, que son os que gravan o alcohol, os hidrocarburos e o tabaco.

No caso de que con estes recursos non se cubra a totalidade das necesidades de gasto calculadas para que as comunidades autónomas subministren os servizos públicos, o Estado realiza unha transferencia, proveniente do coñecido como **fondo de suficiencia**. Así, este fondo é o elemento de **peche do sistema**.

Un sistema que non é acaído para Galiza

Temos que afirmar con rotundidade que o actual sistema de financiamento non é o acaído para financiar as necesidades de Galiza. Esta **obviedade** aínda segue a ser hoxe **combatida polos altofalantes do españolismo**



que teiman en presentar a imaxe dunha Galiza incapaz de si mesma e dependente, tentando instaurar unha visión na que, non só o sistema é adecuado para Galiza, senón que ademais é o que lle permite a Galiza desenvolverse e cubrir as súas necesidades de gasto.

A fundamentación que esta ideoloxía oficial intenta transmitir é a seguinte: as comunidades autónomas que teñen que acudir ao fondo de suficiencia son consideradas as pobres, e polo tanto só poden financiar os servizos que teñen transferidos grazas á solidariedade das comunidades ricas, que non teñen que acudir ao fondo de suficiencia. Así, o papel que xoga o fondo de suficiencia, pola súa condición de elemento de peche do sistema, ten un papel importante á hora de trasladar **a falsa imaxe de Galiza como un país subvencionado.**


A liquidación do sistema de financiamento en 2004

Mediante a información que nos ofrece esta liquidación, podemos xustificar empiricamente a falta de adecuación deste sistema a Galiza. Na liquidación do ano 2004, a última publicada, **todas as CCAA teñen un fondo de suficiencia positivo, a excepción das Illas Baleares e a comunidade de Madrid**, polo que, é certamente desatinado o intento de transmitir a idea de comunidade "pobre" daquela que ten que acudir ao fondo de

suficiencia para completar os seus recursos. **Cando se xeneralicen as porcentaxes de cesión dos tributos que foron contempladas no Estatut de Cataluña, a necesidade das comunidades de acudir ao fondo de suficiencia será moito menor, e moitas delas non terán que acudir a el.**

Ademais, cómpre sinalar que a recadación tributaria non é un bo indicador do nivel de pobreza ou riqueza relativa dunha comunidade. Manexando datos do Informe de Axencia Tributaria Estatal relativos ao ano 2004, atopámonos con que, **sobre o total da recadación tributaria do Estado español, o 45% correspóndelle ao recadado en Madrid**, mentres que, para ese mesmo ano, **o PIB desta comunidade significou o 17,4% do estatal**, polo tanto, é facilmente observábel a anomalía que supón que nesta comunidade se recade, en termos relativos, case o triplo do que representa no PIB estatal.

Isto débese, entre outras cousas, a que **Madrid**, por ser a **capital**, goza dunhas condicións que non temos outras partes do Estado, como pode ser a radicación alí de todo o aparato político e administrativo do Estado, a localización de importantes empresas públicas, e especialmente o denominado **efecto sede**. O efecto sede refírese ao feito de que grandes empresas que están radicadas en Galiza, teñen a súa sede administrativa na capital, e polo tanto non devengan en Galiza, senón que pagan o imposto de sociedades, do IVE ou as cotizacións dos seus traballadores no lugar onde está asentada a súa sede empresarial.



Canteira de granito



Sistema de financiamento e debate estatutario

Merece a pena achegarnos aos debates que sobre a materia de financiamento se produciron durante o frustrado intento de dotar a Galiza dun novo Estatuto. Resumindo as posturas que os tres partidos que integraron o relatorio estatutario, cómpre sinalar as posicións claramente antitéticas dos **partidos de ámbito estatal**, que apostaron por **reproducir no novo Estatuto o mesmo modelo** e as mesmas porcentaxes de **cesión** de tributos que recolleu o **Estatut catalán** e a postura do **nacionalismo**, que desde o primeiro momento valorou a necesidade dun **cambio cualitativo** no sistema de financiamento, onde quedase claramente definida unha **facenda pública galega**, onde fosen parte dos recursos desta facenda os tributos estatais **deven-gados en Galiza**, ao tempo que se propoñía ter **capacidade normativa** sobre eles, así como capacidade para establecer **propios tributos**. Tamén se avogaba pola creación da **Axencia Tributaria de Galiza**, posto que o BNG considerou e considera que unha premisa fundamental para poder exercer o autogoberno, é ter o control sobre os ingresos e recursos propios.

Cando se inicia no relatorio estatutario o debate sobre o modelo de financiamento, o BNG mantén nun primeiro momento esta proposta, pero a oposición dos outros dous partidos e o feito de que ese modelo xa fose rexeitado no Estatut catalán, fixo que o debate se centrara nos retoques que cumpría facer sobre o modelo actual.

Polo tanto, no tocante ás porcentaxes de cesión da cesta de tributos, PSOE e PP apostaron por pro-poñer os mesmos para Galiza que os que propoñía o

Estatut catalán, isto é 50% para IRPF e IVE e 58% para os impostos especiais. Estas son porcentaxes que fan que **Cataluña non teña que acudir ao fondo de suficiencia, pero non así para Galiza**. Era o relatorio estatutario unha ocasión inmejorable para que se puidese rachar con esa dinámica, na que o sistema é simétrico no punto de partida pero non no de chegada. O lóxico é que se en Cataluña fixan unhas porcentaxes que lles permitan non ter que recorrer ao fondo de suficiencia, aquí en Galiza puidésemos facer o mesmo, para o que teríamos que fixar outras porcentaxes. Así o defendeu o BNG no relatorio estatutario, e foi este un dos focos que aínda quedaban por fechar cando se racharon as negociacións ao non aceptar Feijoo o preámbulo que se propoñía por parte das outras dúas forzas políticas. **O BNG propoñía unha porcentaxe mínima de cesión do 90% para IRPF e IVE e o 100% para os impostos especiais. Mais o españolismo, reproducindo esquemas alleos, negou esta posibilidade.**

Outro debate controvertido foi o relativo ao **cálculo das necesidades de gasto das comunidades autónomas**. Así, o nacionalismo propuxo a creación dos seguintes fondos específicos: un fondo específico **para a dispersión**, un fondo **para a atención aos residentes no exterior** e un fondo **para a divulgación da lingua e cultura propias**.

Conclusión

En resumo, o actual sistema de financiamento non so é inadecuado para as necesidades de Galiza e impide un control propio sobre os nosos ingresos, senón que lle serve de coartada ao españolismo para intentar instaurar a falacia dun país pobre e incapaz, que necesita da transferencia do Estado para se poder financiar. **Por iso é fundamental mudar o actual sistema, tal e como propuxo o nacionalismo nos debates sobre o Novo Estatuto de Nación.**



federación de sociedades galegas na suíza

(DA GALIZA EMIGRANTE Á GALIZA RECEPTORA)

Pedro Hombre



Aproveito a oportunidade que me dan os compañeiros da A.E.R Marusía para expresar a miña opinión sobre a emigración en Suíza. Isto fágoo con 38 anos de vivencias ás costas, pois no ano 1970 emigrei a Suíza. Emigrei por non aturar máis un réxime totalitario, cheo de caciquismo, fame, emigración, falta de traballo, ensino pésimo, relixión católica, militares, etc. que, hipocritamente, todos os domingos trataba de tapar co Nodo as súas miserias.

Eu son dos que pensa que é necesario que os galegos/as coñezamos a nosa historia para situarnos no lugar que nos corresponde no mundo como nación, pois un pobo amnésico está condenado a desaparecer. A emigración a Europa deunos facilidades para integrámonos, para coñecer máis linguas, para a formación en escolas públicas e laicas e para educar os nosos fillos e fillas nas mesmas condicións que os nativos, vantaxes que aparecen reflectidas en parte na recente película de Carlos Iglesias *Un franco, 14 pesetas*. A emigración a ultramar (Cuba, Arxentina, Brasil, etc.) é anterior e distinta, e tivo máis fácil integración idiomática pero tamén unha maior distancia real coa terra. Galiza non debe esquecer a súa emigración, sexa en Cataluña, Madrid, Euskadi ou Bos Aires, que acolleron un potencial humano cheo de ilusións para o futuro e co pensamento na terra e nos seres queridos que deixaban atrás. Comezaban as remesas, divisas enviadas dende América e Europa para escolas, hospitais, estradas, melloras laborais e sociais e un sen fin de cousas das que non se beneficiaba Galiza, pero si outras zonas do Estado máis ricas e que o necesitaban menos ca nós. Sen dúbida que outra Galiza teríamos con outra política e debemos considerar isto parte da débeda histórica polos efectos tan negativos dos que nos resentimos e que aínda hoxe están sen solucionar.



Castelao



Agora podemos dicir que os tempos son chegados? Podemos dicir que pasamos de ser un país de emigrantes a ser un país receptor de man de obra inmigrante? Uns 12.000 galegos/as de entre 20 e 29 anos marcharon este ano para traballar fóra. Non debemos esquecer que Galiza forma parte da Unión Europea e non de África ou América Latina, ou é que queremos trocar os salarios máis baixos do Estado español por outros de miseria? ou facer de Galiza un gran xeriátrico autóctono para retornados? Así, dicía ao comezo que non podemos nunca esquecer o que fomos, e digo isto porque aos/ás emigrantes que se queren empadroar en Galiza buscando melloras que o seu país non pode ofrecerlles témolos/as que acoller da mesma forma que fixeron con nós, sempre que cumpran as normas establecidas: permiso de residencia, contrato de traballo digno etc. Debemos pedir que a sociedade colabore con solidariedade na integración desta inmigración que hoxe é irrelevante (polo número) pero que o sería moito máis se nós mesmos non tivésemos que emigrar a Madrid ou Cataluña por exemplo, que aí si teñen inmigración, incluída a galega.

Os residentes galegos en Suíza estamos decepcionados con algúns dos nosos gobernantes polos cambios ofrecidos en visitas a este país, e que se producen máis que nada no tempo das eleccións. Estamos fartos de tantas promesas de cambios e de tantos brindes ao sol, por exemplo, dende a oposición non paraban de criticar a política do voto emigrante e agora están indecisos por medo a que lles resten votantes. Nunha democracia avanzada non se pode admitir un modelo falto de transparencia, falto de equidade, falto de mínimas garantías democráticas. Hai que comezar con firmeza e axiña nun modelo de votación coas mesmas garantías democráticas que se dan en Galiza, voto en urna e quen non poida votar en urna que o faga mediante o voto por correo coas suficientes garantías e sen ningún tipo de manipulación. Isto tiña que ser así dende hai moitos anos e de oficio, porque a transparencia en democracia non se debe negociar a non ser que se nos tome por parvos, pero iso só dura un tempo. Galiza necesita modificar a Lei orgánica de réxime electoral xeral (LOREX) para corrixir as anomalías que se fan con nós dado o noso peso migratorio.

Cota especial á Seguridade Social. Levamos tempo loitando para que os que residimos no exterior poidamos acceder nas mesmas condicións ao sistema sanitario público do Estado sen cotas especiais á Seguridade Social. Agora esta asistencia sanitaria en España a emigrantes en países alleos á Unión Europea, entre eles Suíza, require do pagamento dunha cota especial. Na recente visita do presidente da Xunta de Galicia Emilio Pérez Touriño, déuselle a coñecer a situación en que nos atopamos os galegos co sistema sanitario de retorno. Teño que dicir que o presidente, tras nos escoitar, dixo en público no centro galego A Nosa Galiza de Xenebra, e diante das autoridades presentes (embaixador, cónsules, conselleiro de Traballo, Consello Xeral de Emigración e moitos medios de comunicación de distintos países), que isto había que solucionalo e manifestouse a prol de cambiar este sistema dicindo que “deste agravio respecto á sanidade en España para os retornados de Suíza el mesmo se ía encargar de solucionalo para poder gozar das mesmas condicións que os inmigrantes e os que están cotizando no Estado español”. Pasaron xa 8 meses desta visita a Suíza e este servidor aínda non soubo nada desta promesa, outro brinde ao sol.

Os nosos fillos, coa preparación que lograron nos países receptores, serían obxectivo principal para calquera país con este potencial humano. Prestaríaselles a máxima atención e trataríase de integralos no seu desenvolvemento e modernización en todos os eidos, creando postos de traballo para que os mozos e mozas da diáspora puidesen retornar e os que buscan un traballo ou cursaron os seus estudos universitarios non teñan que irse de Galiza. Este é un dos obxectivos que calquera goberno galego, que se prece de selo, debe intentar conseguir, mesmo se non entra nos plans dos gobernos de Madrid.

Os que decidimos continuar en Suíza, e non coller o diñeiro do Il Pilar, estamos á espera de que nos aclaren, cando decidamos o noso retorno e cumpramos as normas establecidas para retirar os cartos, se temos

“Os nosos fillos, coa preparación que lograron nos países receptores, serían obxectivo principal para calquera país con este potencial humano”.



Xenebra, novembro de 1986. Teléfonos internacionais



que pasar 3 meses sabáticos en Galiza para poderlos solicitar. Reiteramos nos aclaren onde temos que pagar por este diñeiro, se aquí ou nas entidades bancarias do Estado. Isto deberían ténlo aclarado dende o comezo e esperemos que algún día nos teñan en mellor consideración, e por conseguinte máis informados das cousas que máis nos atinxen aos emigrantes.

Dende a Federación de Sociedades Galegas en Suíza estamos potenciando actividades en defensa da nosa lingua: celebración das Letras Galegas, cultura, gastronomía, folclore, integración dos mozos/as nas sociedades, interculturalismo dende o noso ser de galegos... Para que isto poida continuar, faise necesaria unha decidida aposta política encamiñada ao aproveitamento deste increíble potencial de desenvolvemento que

supoñemos os 32.000 galegos en Suíza. Esperamos que saiban comprender que temos moito que achegarlle ao noso país.

Non podo pechar este artigo sen dicir que esta é a miña opinión, que sen dúbida haberá quen non a comparta, pero o importante é que todos/as participemos e tratemos de buscar puntos de encontro para conseguir ese soño dunha Galiza normalizada. Quero felicitar á asociación de retornados Marusía por este traballo que crea opinión e debate entre emigración e retorno, para rematar con esta lacra que non se corresponde co potencial humano e material do noso país.

Quedo á vosa disposición para colaborar convosco no que vexades oportuno.

Un saúdo a todos/as.



discriminación das persoas discapacitadas

José Cougil



DDesde a miña posición como discapacitado por mor dun accidente de tráfico, quero sensibilizar a sociedade a prol dos problemas que temos as persoas discapacitadas ou con pouca mobilidade e tentar poñer o meu pequeno grao de area na creación dunha meirande conciencia que favoreza un cambio de actitudes encol do dereito que todos temos á accesibilidade.

Na Galiza hai máis de 206.000 persoas discapacitadas e 122.000 teñen menos de 65 anos. En Europa somos máis de 50 millóns de cidadáns con discapacidade, persoas que temos que enfrontarnos á discriminación e aos prexuízos diarios en todos os ámbitos da vida, somos persoas que non nos beneficiamos en condicións de igualdade da educación, sufrimos a taxa de desemprego máis elevada e a cotío vivimos con rendas significativamente baixas, principalmente na Galiza, aínda que tamén no resto do Estado se as comparamos coas da Europa dos 15. **Temos os gastos sobre o PIB en protección social máis baixos,** por moito que o Goberno diga que a economía medra por riba dos países europeos e que a caixa da Seguridade Social nunca estivo tan ben. Como se poden aceptar sobrantes na reserva da Seguridade Social cando seguimos tendo **as pensións máis baixas e que prexudican principalmente aos sectores máis desfavorecidos?**

Cousas que para vostedes poden ser normais e forman parte da vida cotiá coma ir traballar, comer nun restaurante, ir ao teatro, de compras, xuntarse con amigos ou calquera outra actividade, para nós poden resultar toda unha odisea. No noso camiñar pola vida temos que levar a nosa minusvalía coas barreiras arquitectónicas que a sociedade pon no noso camiño. Aspectos como a inaccesibilidade do transporte público, beirarrúas, edificios ou calquera outra infraestrutura pública ou privada constitúen o atranco máis importante co que nos atopamos.

As administracións deberían facer algo máis para dotar aos servizos públicos dunha maior



accesibilidade, como ramplas, ascensores e aparcadoiros preto das administracións ou doutros servizos, pois xa se sabe que por moitas leis que haxa non servirán de nada se as administracións tanto locais como autonómicas non miran polo seu cumprimento. Aínda así, temos que aplaudir iniciativas como as deses "100.000 discapacitados" que se verán beneficiados por un transporte especializado da Xunta de Galicia cando chamen ao número 065.

Tamén as empresas privadas que traballan de cara ao público deberían ter a obriga de contar cuns bos accesos para as persoas discapacitadas, pois moitas delas carecen deles, como a maior parte dos hoteis que non teñen cuartos con duchas adaptadas para persoas discapacitadas. A cotío a administración dálles o permiso de apertura incumprindo as leis e, poucos sitios dispoñen de aparcadoiros para discapacitados, e os que dispoñen deles case sempre están ocupados por outros usuarios que non teñen discapacidade ningunha. As persoas da administración encargadas de controlar os aparcadoiros case nunca están e, se os chamas para pedirllas axuda, tardan sempre moito en vir ou non aparecen, poñéndonos as cousas aínda máis difíciles.

Nunha Europa na que se preconiza a libre circulación das persoas e na que as fronteiras e barreiras que separan aos seus cidadáns vanse paliando, quería facer unha chamada de atención sobre a libre circulación das



persoas discapacitadas que, debido aos atrancos arriba expostos impiden saír do país de orixe a máis de 200.000 persoas con discapacidade na Unión Europea, obrigándoas a vivir pechadas, privadas dos dereitos humanos máis básicos. É tempo, e tamén viable, de **que Europa sexa en realidade para todos e todas.**

...Por iso cremos e reivindicamos...

- unha Unión Europea que traballe para protexer os dereitos de todos os seus cidadáns sen distincións
- o dereito á educación en condicións de igualdade
- o dereito á igualdade do trato no emprego
- o dereito á igualdade do recoñecemento e protección ante a lei
- o dereito á protección social, á sanidade e aos cuidados de longa duración
- o dereito á vida independente
- o dereito aos accesos ao transporte, edificios e outras infraestruturas públicas
- o dereito ao acceso ás novas tecnoloxías da información e das comunicacións
- o dereito ao acceso aos bens e servizos de uso cotián.

Hoxe posiciónome!

Por unha Unión Europea que protexa os dereitos das persoas discapacitadas mediante unha lexislación efectiva, que loite contra toda forma de discriminación e garanta a plena inclusión de máis de 50 millóns de cidadáns con discapacidade. Pero para isto é imprescindible que se afasten os esquemas baseados en actuacións puramente de caridade, para dar paso á salvagarda dos dereitos que supoñan unha **normalización real e efectiva considerándose a accesibilidade e o emprego coma decisivos neste obxectivo.**

Ante as barreiras físicas, é importante que as persoas con discapacidade teñamos a oportunidade de participar directamente na elección e o deseño de todas aquelas medidas que se orienten á adquisición de espazos máis accesibles, pois este é o único xeito de conseguir unha verdadeira e plena integración na sociedade, pois **as persoas con discapacidade non somos un problema, somos parte da solución.**

Para rematar permítanme unha derradeira reflexión, somos discapacitados pero tamén somos normais, saímos a divertirnos, a pasear, a

xuntarnos con amigos, á universidade, ao supermercado..., non somos doutro planeta e o único que desexamos é podernos integrar na sociedade, non queremos estar afastados do resto do mundo. Pero para iso cada un de vostedes debe comezar por botarnos unha ollada sincera e só deste xeito poderán entender os atrancos que debemos sortear para afrontar os camiños da vida.


José Cougil





galicia na idade moderna

(S. XVI-XVIII)



A finais do século XV a situación social de Galicia caracterizábase pola crise da burguesía e da nobreza autóctonas e, en contrapartida, polo predominio indiscutíbel do episcopado, estreitamente aliado á monarquía dos Reis Católicos, e por un novo modelo político (o chamado *Estado moderno*) fortemente centralizado, autoritario, anulador de toda discrepancia e hexemonizado pola oligarquía aristocrática.

A burguesía urbana e comercial galega, puxante ao longo da plena e baixa Idade Media, encabezara a Revolución Irmandiña dos anos 1467-1469 coa intención de acadar maior poder político, pero fracasou. Ademais, resentíase da contracción comercial causada polos enfrontamentos da Coroa con Portugal e Inglaterra, agravados desde inicios do s. XVI, cando a Reforma protestante triunfou no norte de Europa e os reis de Castela se converteron no brazo armado da Contrarreforma, en defensa do catolicismo. As tradicionais rutas marítimas do comercio exportador galego de viño e peixe ficaron interrompidas, cun Atlántico norte dominado por portugueses e ingleses e un Mediterráneo percorrido polas naves turcas.

En canto á nobreza, se ben saíu vitoriosa contra as Irmandades, envolveuse desde os anos

setenta do s. XV nunha guerra interna polo reparto do poder que a debilitou e produciu un caos interno no reino de Galicia que xustificou a rápida intervención da Coroa castelá en favor dos bispos, e valeuse para iso en gran medida da alta nobreza foránea, nomeadamente os condes de Benavente.

Os campesiños constituían un sector politicamente invertebrado, dispersos entre os múltiples señoríos e unidos a eles por unhas lealdades que a relixión se encargaba de sacralizar. Beneficiáronse, sen dúbida, da pacificación interna do reino emprendida polos reis, así como dunha mellora dos rendementos agrarios, pero o aumento da poboación agraria obrigounos a completar as súas minguadas rendas coa emigración "andoriña" a Andalucía e Castela ou participando (tamén como precoces emigrantes) na repoboación das Alpuxarras granadinas xa no mesmo s. XVI.

A Igrexa en conxunto confirmouse como grupo hexemónico, aínda que con matices de gran transcendencia histórica. O monacato vai experimentar un florecemento sen precedentes durante os séculos XVII e XVIII, consolidándose como os maiores terratenentes do país, o cal lles permitiu renovarse coas notábeis edificacións barrocas que hoxe admiramos (Oseira, Samos, Poio, Celanova, Sobrado, Antealtares, San Martiño Pinario, etc.), pero a principios do s. XVI os mosteiros



Pazo de Feriñanes. Século XVI. Cambados



Pazo de Oca. A Estrada

galegos sufriron unha profunda intervención que os puxo en dependencia do monacato castelán e que os desgaleguizou. Foi o episcopado (o arcebispo de Santiago ante todo) quen se ergueu ata o cumio do poder económico e político en Galicia, do que tamén deixou constancia material nas magníficas obras das catedrais, en especial na de Compostela (a fachada do Obradoiro, de Casas Nóvoa e a Torre do Reloxo, de Andrade); ata as máis modestas freguesías do país foron quen de dotarse dunha fachada ou dunha torre barrocas...

Aínda que Igrexa e Monarquía xa conformaran ao longo de toda a Idade Media as dúas pólas dun mesmo poder, o desenvolvemento da Contrarreforma acentuou o papel dos bispos e a súa alianza coa Monarquía castelá, converténdose nun elemento fundamental de castelanización, facilitado pola orixe non galega da maior parte dos prelados. Esta circunstancia, xunto coa sinalada asimilación do monacato, deixou «decapitada» a Igrexa galega (F. CARBALLO).

Entre este sector hexemónico episcopal (e, en menor medida, tamén o monástico) e o pobo maioritariamente labrego prosperou a fidalguía,

propietaria de terras e de boas casas fortes axiña transformadas en pazos, arrendataria de bens raíces pertencentes á Igrexa que á súa vez subaforaban un campesiñado en crecemento. Ademais, boa parte desta fidalguía instalouse nos núcleos urbanos e acaprou os cargos municipais, que lles permitiu deter o poder político local.

Fidalguía e clero foron, polo tanto, os dous sectores favorecidos pola estruturación da sociedade galega durante o Antigo Réxime. Non obstante, a súa capacidade para dirixir o reino cuns obxectivos autónomos e determinados polo interese xeral foi nula. Foron, por tanto, incapaces de configurar un proxecto nacional, conformándose cun ben remunerado papel de intermediarios da Monarquía hispana e da súa aristocracia. No caso da fidalguía, debeuse á redución da súa influencia ao marco local; no do episcopado (e da Igrexa en xeral), pola súa acusada coincidencia coas directrices da coroa e o conseguinte afastamento do país, situación ben diferente á de Cataluña ou o País Vasco.

Por iso, a proxección exterior de Galicia durante os séculos XVI a XVIII se manifesta como un simple reflexo marxinal das empresas da Coroa hispana, sen apenas tomárense en consideración os intereses propios do



conxunto do país... É máis, pódese afirmar que polo xeral as decisións políticas da Coroa foron prexudiciais para Galicia, o cal explica o *atraso* que se foi xerando durante o período, pois mentres en Europa se evolucionaba cara ao desenvolvemento do sector comercial, en Galicia non houbo tal, senón un retroceso deste e un peso crecente da economía agraria de subsistencia. Así se entende que unha cidade anteriormente tan próspera como fora Pontevedra, ficase anquilosada nunha estrutura social fidalga, en detrimento da burguesía navieira, ou que A Coruña se fixase en actividades simplemente administrativas, sucursais da Coroa, en tanto que a eclesiástica Compostela se convertía no núcleo urbano de referencia.



Pazo da Moroza. Meis

A preponderancia de Castela-Andalucía desviou as rutas de América cara a Sevilla e Cádiz, e Galicia viuse marxinalizada do comercio colonial. En cambio, foi na Coruña onde en 1580 se concentrou a Armada Invencíbel para atacar infrutuosamente Inglaterra, e en 1589 sufriuse a conseguinte represalia de Drake, que fracasou no asalto á Coruña (onde tivo lugar a defensa de María Pita), pero que asolou a costa galega. A guerra continuada contra Inglaterra foi completamente perniciosa para a tradicional exportación dos viños galegos, que perderon o mercado Norte-europeo, onde foron substituídos polos portugueses a partir do s. XVII.

A separación de Portugal da Monarquía hispana en 1640 (a Coroa portuguesa pasara aos Austrias en 1580) deu lugar a unha cruenta guerra fronteiriza, que afectou fundamentalmente a Galicia, tanto por causa das destrucións materiais e perdas humanas como por crear un clima de antagonismo recíproco descoñecido ata esas datas. Creouse así unha artificial separación e hostilidade mutua inducida desde fóra, que nada tiña que ver coas seculares relacións de veciñanza entre galegos e portugueses.

Ao mesmo tempo, a *cruzada* española contra o imperio otomán chegou tamén a repercutir en Galicia, malia estar tan afastada do Mediterráneo. A expansión turca por ese mar cancelaba a outra ruta tradicional das exportacións galegas, nese caso a de peixe. Ademais, nunha acción de curso chegaban naves otomás á ría de Vigo en 1617 para atacar Bouzas, Domaio e, con especial crueldade cara á poboación civil, a vila de Cangas, do que foi consecuencia o célebre episodio de María Soliña, familiar de varias vítimas.

O século XVIII abríase coa guerra pola sucesión da Coroa, tras a morte do derradeiro Habsburgo, Carlos II, sen descendencia directa. O Borbón Felipe de Anjou foi aceptado por Castela, co natural apoio de Francia; Galicia, completamente dependente de Castela, seguiu ese mesmo camiño. En cambio, Cataluña pronunciábase en favor doutro aspirante, o arquiduque Carlos de Austria, apoiado tamén por Inglaterra, Holanda e Portugal. A longa guerra (durou ata 1713) foi moi custosa para Galicia e de novo nos enfrontou cos veciños portugueses, promovendo a construción de sólidas fortificacións a ambos lados da raia (Valença, Salvaterra...). No decurso desa guerra tivo lugar, tamén na ría de Vigo, a batalla de Rande en 1702, cando unha flota hispano-francesa procedente de América foi acurrallada e fundida por outra anglo-holandesa. En 1719 os ingleses atacaban varios portos galegos e mesmo ocupaban brevemente Pontevedra, Marín e Redondela.

No entanto, o século XVIII, reinando os Borbóns, deixa un balance positivo para o país, pois o pensamento ilustrado que daquela florecía en toda Europa repercutiu aquí nunha serie de iniciativas que anunciaban o despertar dunha conciencia nacional. A decisión rexia de instalar un arsenal no Ferrol supuxo poñer os alicerces da futura industria naval, mentres que nun medio rural expansivo prosperaba a produción cerealística e unha prometedora (logo frustrada) artesanía téxtil rural, ao que a fin de século se sumará a interesante experiencia siderúrxica de Ibáñez en Sargadelos.

Moitas iniciativas (como a de Pedro Antonio Sánchez sobre a navegabilidade do Miño, ou a de Cornide Saavedra sobre a pesca da sardiña) non acadaron maior repercusión práctica, pero o pensamento sementado por eles e por Feixóo e Sarmiento están na base do nacionalismo que nacerá na seguinte centuria.



emigración e antifranquismo na poesía de xervasio paz lestón

(1898-1977)

Miro Villar



Xervasio Paz Lestón¹ naceu en Serantes, aldea da parroquia de San Xulián de Moraime no concello de Muxía (A Coruña), o 23 de outubro de 1898 e faleceu en Bos Aires o día que facía 79 anos, o 23 de outubro de 1977.

A súa obra poética caracterízase, de primeiras, polo seu autobiografismo, xa que en moitos dos textos o *eu poético* é un trasunto do propio autor que expresa as súas vivencias persoais. Porén, non imos facer referencia a estas pegadas autobiográficas, senón ás dúas liñas temáticas fundamentais: **o antifranquismo e a nostalxia da terra**. Así pois, unha poética da saudade e unha **poética do compromiso** moi próxima á poesía civil de autores como Lorenzo Varela, Luís Seoane ou Alfonso Gaxos Frías. Non se trata dunha afirmación gratuita, pois existen testemuños claros de que a poesía dos dous últimos estaba entre as lecturas de preferencia de Paz Lestón. De feito, no poema "Agasallo", que é un poema lido na presentación do libro *Os fidalgos de Rante* de Gayoso Frías, hai unha referencia explícita a Seoane. Desde os seus primeiros textos Paz Lestón é un **poeta civil, de denuncia social**, comprometido coa causa dos desfavorecidos. Textos datados en 1924, 1925 ou 1926 denuncian a situación da sociedade española durante a monarquía de Afonso XIII ou a ditadura do xeneral Primo de Rivera, que é cualificado como **Xeneral Morrala, Xeneral Metralla, Azor ou "chulo" xeneral Miguel Primeiro**. Para o primeiro caso velaí o poema "D'a España Doente..." e para o segundo os poemas "¡Calade...", "A Unamuno", no que se fai mención do confinamento do intelectual español, "¡Terror Galiñeiro!" ou "España é un Galiñeiro". **Todos eles apareceron no Correo de Galicia**, periódico dirixido por **José R. Lence**, que tiña como secretario de redacción a **Ramón Suárez Picallo**. Aparecía os domingos e era lido con interese pola ampla información que traía da terra e das actividades societarias na emigración. Lence era un home pouco estimado na colectividade pola liña do seu xornal que sempre abalaba para onde máis lle convi-

ñese. Daquela aínda tiña certo espírito galeguista, xa que promovera, en 1917, conxuntamente co Heraldo de Galicia, a asociación rexionalista "A Terra" para defender un "san e ben entendido rexionalismo". Porén, nunca abdicou das súas ideas monárquicas, aínda que desaprobaba a conduta de Afonso XIII con ocasión da ditadura de Primo de Rivera. Por outra parte, no verán de 1922, Blanco-Amor, nomeado director da sección literaria do xornal, promete levar a estas páxinas a escritores galegos, comezando polos ourensáns Losada Diéguez, Risco, Euxenio Montes ou Xavier Bóveda, ademais de asinar unha serie de artigos sobre poetas nosos como Noriega, Ponal e Curros. **As respectivas actitudes de Lence e de Blanco-Amor serven para explicar o sentido das colaboracións poéticas de Paz Lestón**. Ademais, hai que lembrar que o poeta non fala de oídas pois regresou a Galiza, para visitar os seus pais, entre xullo de 1925 e marzo de 1926, polo que tivo información de primeira man para completar aqueloutra que se recibía na emigración a través de xornais ou testemuños orais ou escritos. Alén diso, existe unha evidente diferenciación no tocante ao **tema patriótico**, pois temos que distinguir cando fala de **Galiza ou de España**. Así, nos seus primeiros textos a patria do poeta é España e apenas se menciona Galiza, mais nos poemas da posterior etapa antifranquista a énfase patriótica está en Galiza, que sempre se enfrenta a unha Castela que a marxina ou que a asoballa. **Aquí reflíctese claramente a deriva de Paz Lestón cara á asunción dos postulados do nacionalismo galego**. Non pode ser alleo a isto a proximidade de persoeiros como Castelao, Alonso Ríos, Núñez Búa ou Suárez Picallo.

A saudade da Terra penetra en todos os textos que falan da emigración. Malia non ser un exiliado, a visión da emigración que posúe Paz Lestón é moi semellante á dos desterrados por razóns políticas. Na súa poesía non se percibe nunca unha **imaxe idílica do éxodo**, pola contra sempre se denuncian **as súas causas**. Isto ocorre xa nos primeiros textos, velaí a magnífica narración da epopea en "Os Novos Conqueridores", que relata a partida, a viaxe e a derrota da maioría. Esta derrota en referencia individual aparece nos poemas "Andrés do Fontán" e "Andrés", que talvez fagan referencia a unha mesma persoa


¹ Cfr. Villar, Miro, *A poesía galega de Xervasio Paz Lestón. Edición e Estudio*, Sada: Do Castro, 1998.



ben coñecida polo poeta, e como amarga experiencia autobiográfica en "Alonxamento". Outro testemuño dramático é o que aparece en "O Adiós dos Parias" que reitera máis unha vez as causas, a afouteza coa que se emprende a viaxe e finalmente a constatación de que por cada un que vence, cen perderon a partida. Describe a quen se viron na obriga de abandonaren todo por iren na procura de algo que sempre é incerto. A condena da emigración aínda está presente nun poema publicado en 1960, "Barcos" onde o *eu poético* se sitúa no cume do monte Cachelmo, nas terras de Muxía, vendo como pasan os barcos que se supoñen cargados de emigrantes. Outra cara da mesma moeda é a dos que sofren na espera, que aparece tamén en poemas como "As Naiciñas" ou en "Noiva de Emigrado" onde as que teñen os corazóns abafados son as mozas dos que emigran. Neste poema, que data de 1935, fálase do *monstro da emigración / que hoxe a Galicia devora...*

A única imaxe en positivo da emigración relaciónase coa actividade das sociedades de emigración, nomeadamente das dúas entidades, a Socie-


dad Cultural y Agraria del Distrito de Mugía e a Asociación Benéfico Cultural del Partido Judicial de Corcubión, máis coñecida como a ABC de Corcubión, nas que Xervasio Paz Lestón tivo responsabilidade. Son moitos os poemas de circunstancias, case sempre asinados con pseudónimos, que falan deste tipo de celebracións, por exemplo "Que festa a da Barca" –que relata a participación nunha festa anual da ABC de Corcubión de persoas como Maruxa Boga, o actor Tacholas, os Moreiras e outros moitos xoldreiros–. Chama a atención que en moitos destes versos exista unha reivindicación da *muiñeira de roda*, un baile que o poeta considera representativo da súa terra e que levaba camiño de desaparecer como tradición de nós. Outra constante é a referencia ás *regueifas* ou a *regueifeiros* concretos como Celestino Sar, chamado o Seixas de Aboi, Pepe Grande de Quintáns ou Benedito de Lourido. Tamén protagonizan o poema "Regueifantes a chorar", unha homenaxe ao primeiro dos antes citados no momento da súa morte, de quen se fai un perfecto retrato. Tamén entran nesta serie os poemas conmemorativos como "¡Un Ano!", no que lembra o primeiro ano da Sociedad Cultural y Agraria del Distrito de Mugía e "Vintecinco anos" e "Nas Bodas de Ouro da A.B.C. de Corcubión", referidos a esta sociedade. Nos primeiros hai versos que resumen perfec-



Blanco Amor



Monumento os mártires de Carral



tamente o papel que debían cumprir estas sociedades da emigración. Ou "Amoroso Fogar" e "Pequeño Piñeiro" nos que fala do *fogar galego*, pois o Hogar Gallego para Ancianos era unha vella reivindicación da emigración como centro de acollida para vellos e enfermos.

Tamén cómpre salientar os poemas escritos nos cabodanos de Pardo de Cela, Castelao, Antón Vilar Ponte, Lamas Carvajal ou Gonzalo López Abente. Moitos deles teñen o carácter de semblanzas, aínda que non sempre foron feitas despois da morte dos homenaxeados, pois o propio Abente é

glosado con anterioridade e nesta liña tamén está a "Semblanza" que escribe para o seu amigo, o poeta Xesús Calviño de Castro. Neste aspecto, é curioso observar que na poesía de Paz Lestón comparten protagonismo os grandes persoeiros nomeados con persoas do común, como os regueifeiros ou de moi pouca consideración social, como se o poeta tamén tivese intención de nivelar a sociedade a través dos seus versos. Personaxes descoñecidos como "Xan Castrelos" ou "A Probe Velliña" que vai petando nas portas dos casaróns de labregos e de ricos, xúntanse cos anónimos labregos que en colectivo serven de inspiración lírica.

Finalmente, merecen unha destacada mención os textos que, dalgunha maneira, se convierten en *metapoéticos* ou en precisas *autopoéticas*. Son abondosas as reflexións que Paz Lestón fai na súa obra sobre o acto poético, ata o punto de ser un dos temas principais, pois nos vieiros de ensoño que lle ofrece o carrusel da poesía vai atopar a felicidade, como confesa no poema que así se titula "A felicidade". Porén, achégase á palabra poética con humildade como reflicten as primeiras estrofas de "Miña Comarca". Como testemuño do lugar que toda a poesía ocupa e tamén da recepción que tiña na emigración a nosa tradición lírica do Rexurdimento, temos "Lembranza", onde son invocados a *rula* Rosalía, Curros e Pondal ou "Meus Versos" no que sitúa os devanditos poetas e tamén a Añón como exemplo de estros lostregantes. Esta invocación e esta veneración convértese en durísima carraxe nos expresivos "¡Batede Mais, Poetas!", publicado nos anos vinte, e "Compride a Misión, Poetas", publicado en 1934, que se inicia cunha cita de Evaristo Martelo

Paumán tirada de *A misión dos bardos*. A reacción vén provocada no primeiro caso porque se aproxima a hora das reivindicacións e no segundo pola actitude dos nosos bardos nesa altura, xa que considera que andan á moda ao escribiren versos de amores finxidos e cantaren romances de cegos ou madrigais chorosos, esquecendo os seus deberes. **Nese senso apela a recuperar o exemplo de Curros Enríquez e a botar man da poesía directa, refugando os versos pulidos, os conceptos alambicados para salóns e os pesares non sentidos. Cualifica como remilgados estes poetas e fala da necesidade de que se poñan os versos a servizo dos oprimidos, dos pobos escravos e que combatan a reacción.**